

**Acta núm. 01/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de xaneiro de 2024.**

ASISTENTES:
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.20 (con retraso) horas do 16 de xaneiro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2023, DO 12/12/2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 6º) RENUNCIA A LICENZA OBRA MENOR.
- 7º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2023, DO 12.12.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 12.12.2023, acta núm. 16/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUIS FREIRE RODRÍGUEZ, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 12, Os Ánxeles, substituíndo as existentes por outras novas coas mesmas dimensións en cor branca. A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 105,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 170,03 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO VILARIÑO PÉREZ, na que comunica que vai cambiar a localización do contador da auga que da subministro a finca sita en Guitiande nº 11- Os Ánxeles, pasando de estar soterrado a situado na pilastra do portalón de entrada.

A parcela (referencia catastral 7450808NH2475S0001JL) na que se pretende executar a obra, atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para as áreas consolidadas pola edificación e situase na aldea de Guitiande que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O punto do camiño sobre o que se localiza o actual contador deberá de manterse nas mesmas condicións.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ERMITA AMALIA FERNÁNDEZ FREIRE, na que comunica que vai construír un peche diáfano na fronte dunha parcela, en contacto coa estrada autonómica AC-543, no lugar de Gundín 5 – Os Ánxeles; o peche terá unha lonxitude de 40 metros lineais, executado con lixeiros postes metálicos e arameira, e unha altura total de 1,80 m.

A parcela (referencia catastral 5442805NH2454S0001IJ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1), e está afectada pola proximidade dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM; concretamente o identificado como “vivenda en Gundín” do Catálogo (clave: AE12), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 03/08/2023 (expediente nº IF204A/AC/2022/1211), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá axustarse ás condicións impostas polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, do 03/08/2023 (expediente nº IF204A/AC/2022/1211).

- O peche non superará a altura de 1,80 metros e afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do camiño de entrada á aldea.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1,83 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,40 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Antonio Sabucedo Costa, que di actuar en representación de MARÍA DE LOS ÁNGELES VILLARONGA TORRES, na que comunica que vai construír un peche sobre un tramo do lindeiro particular suroeste, nunha parcela sita, no lugar de Estrar nº 42 - Os Ánxeles.

O peche farase con bloques de formigón forrados con mampostería de pedra, ata unha altura total de 1,80 m., unha lonxitude de 16,60 m. e un dos extremos está en contacto con un vial

público, segundo documento técnico aportado e asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.

A parcela (referencia catastral 7039408NH2474S0001UQ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do camiño.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 111,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SUSANA EXPÓSITO RAMOS, na que comunica que vai arranxar a cuberta dun alpendre sito en Saime 26 – Bastavales, substituíndo a tella existente en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella por enriba, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (referencia catastral 4927117NH2442N0000IH), emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBE3, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

O Sr. Alcalde abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 250,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 314,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita na Rúa da Pomba 6 – Os Ánxeles (referencia catastral 6647206NH2464N0001UD). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 92 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña o 18.04.2023 (extpe. 1099/23).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 29.11.2023 (expediente 1659/23) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por

unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.372,76 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 274,55 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 339,12 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no Cabo nº 28 – Os Ánxeles, (referencia catastral 7645807NH2474N0001TJ). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 33 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, en data 11.12.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 400,20 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,04 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 144,61 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita en Cabanas nº 13 – Os Ánxeles, (referencia catastral 5136609NH2453N0001XG). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 22 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña o 09.01.2023 (extpe. 91/23).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A presente licenza se refire única e exclusivamente ao subministro eléctrico para a vivenda unifamiliar emprazada na aldea de Cabanas nº 13 – Os Ánxeles.

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 571,74 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 114,35 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 178,92 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para obras de mantemento da infraestrutura de gas canalizado e que afecta a un vial municipal nun dos portais de acceso o Colexio de Primaria de Pedrouzos. A actuación consiste en levantar a tapa da válvula alí localizada aos efectos de realizar as oportunas tarefas de mantemento da instalación, segundo proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Madrid de data de 05.12.2023 (expte. 2313150/01). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Antes do comezo das obras deberán de comunicar a data inicio ao Concello de xeito oficial, e cunha antelación mínima de quince días, aos efectos de coordinar e garantir as medidas de protección de seguridade viaria, debendo de contar en todo caso coa autorización e control da Policía Local.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 200,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,84 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,41 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por IRIA BERNAL LÓPEZ na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Gándara 22 - San Salvador.

Con data 09.08.2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 07.06.2022 para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 22 - San Salvador, a IRIA BERNAL LÓPEZ, segundo o proxecto de execución asinado polo estudio Salgado e Liñares arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.05.2022 (expte. núm. 2202919), segundo proxecto de execución modificado

presentado en data 02.08.2022 asinado polo estudio Salgado e Liñares arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.08.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco X. Liñares Tüñez, con data 06.06.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 26.06.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN CASTRO MATA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Xinzo 26, Bastavales.

Con data 04.07.2007 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de obra a PROMOCIÓN MALLÓN ENTRE RÍOS S.L., para realizar obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Xinzo nº 26, parcela 4, parroquia de Bastavales, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto D. José Ángel Santos Ferro.

Con data 08.03.2022 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou a Sandra Pedrares Barbazán e Ramón Castro Mata, o cambio de titularidade da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Xinzo nº 26 – Bastavales, concedida pola Xunta de Goberno Local do 04.07.2007 a nome de Promocións Mallón Entreríos S.L.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro con data 06.10.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 31.10.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RODRIGO ESPASANDÍN IGLESIAS, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de fábrica de pan e bolería ordinaria situada en Sabaxáns nº 41 – Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Marcelino Iglesias Lorasque, e preténdese poñer a nome de Rodrigo Espasandín Iglesias.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de fábrica de pan e bolería ordinaria situada en Sabaxáns nº 41– Bastavales, a nome de Rodrigo Espasandín Iglesias, DNI: ***0043**.

SEXTO .- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que comunica ao Concello a renuncia á licenza

de obra menor concedida pola Xunta de Goberno Local do 08.03.2022, para levar a cabo a extensión da rede de distribución de gas natural para dar subministro ao inmoible sito na Avda. Pedrouzos nº 15, canalizando unha nova acometida directa desde a rede existente segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid de data 27/01/2022

A Xunta de Goberno Local, á vista da certificación emitida por Luis Ángel Martínez Souto, Enxeñeiro Técnico Industrial, de data 08.01.2024, na que certifica que as obras non foron executadas e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 08.03.2022.
- 2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 4,98 euros.
- 3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 64,57 euros.
- 4º) Proceder á devolución do aval bancario por importe de 200,00 €, previo informe de intervención.
- 5º) Notificar o presente acordo ao interesado.

SÉTIMO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jose Antonio Hernando Ezquerro, que di actuar en representación de MARÍA VILLAVERDE SOLER, na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 14.02.2018 a María Villaverde Soler, para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 33, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares SLP (Alfonso Salgado Suárez /Francisco Liñares Tüñez), visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11/04/2017 e documentación complementaria visada o 26/07/2021 e o 10/01/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 14.02.2018.
- 2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 1.905,01 euros.
- 3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 149,19 euros.
- 4º) Notificar o presente acordo á interesada.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González